

# Recensións

LUNA ALONSO, Ana; FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, Áurea; GALANES SANTOS, Iolanda e MONTERO KÜPPER, Silvia (2015) (eds.): *Literaturas extranjeras y desarrollo cultural: hacia un cambio de paradigma en la traducción literaria gallega*. Berna: Peter Lang, 243 pp.

*Literaturas extranjeras y desarrollo cultural: hacia un cambio de paradigma en la traducción literaria gallega* é o volume número 11 dos doce que compón, até a actualidade, a colección “Relaciones literarias en el ámbito hispánico: traducción, literatura y cultura”, dirixida por Luis Pegenaute<sup>1</sup>. Publicouse no ano 2015 e o limiar correu a cargo de Basilio Losada, o primeiro catedrático de filoloxía galega e portuguesa da Universitat de Barcelona.

O libro está dividido en 8 capítulos que conforman a base fundamental do volume. Hai un primeiro capítulo, que se pode considerar a introdución aos mesmos, e un derradeiro como conclusión, cada un deles escritos por diferentes autorías. No capítulo introdutorio, cuxas autoras son Ana Luna Alonso máis Áurea Fernández Rodríguez, expónse o obxectivo básico da publicación do libro, que é “completar el análisis [*por parte do grupo BITRAGA*]<sup>2</sup> sobre los movimientos de traducción producidos entre la literatura gallega y otras comunidades culturales”, que xa se iniciara nun volume denantes publicado “prestando ahora atención a la literatura extranjera traducida al gallego”<sup>3</sup>,

de xeito que se analiza a situación na que se atopa a tradución no sistema cultural galego e dáse a coñecer o seu desenvolvemento nos xéneros principais, a fin de ponderar o seu impacto no sistema cultural de chegada. Neste capítulo, tamén, expónse, resumidamente, os contidos que se van achar seguidamente no libro. Deste xeito, pártese da recolección e exposición dos datos relacionados co número de textos traducidos, os xéneros, autorías, tipos de obras etc., e analízase o proceso sociolingüístico e cultural dos anos da democracia, o contexto de produción, os grandes números de tradución e os diferentes axentes que interviñeron na divulgación da tradución literaria en formato libro.

No primeiro traballo, cuxa autora é Silvia Montero Küpper, coméntanse as políticas de tradución editorial na nosa comunidade, acompañadas por unha breve introdución da historia da lingua galega e polos datos do sector editorial galego na última década. Tamén, analízase o asunto das subvencións e axudas que as editoriais galegas reciben (ou recibían) por parte do Estado español e da Administración galega, e dos criterios de adxudicación das mesmas. Para rematar este capítulo, a autora ofrece unha breve conclusión que apela a deixar de lado a supremacía cultural e comezar a traducir textos novos aínda inexistentes a fin de completar e aumentar o espazo literario.

---

<sup>1</sup> Véxase: <http://www.peterlang.com/index.cfm?event=cmp.ccc.seitenstruktur.detailseiten&seitentyp=series&pk=1601>.

<sup>2</sup> Véxase: <http://bibliotraducion.uvigo.es/>.

<sup>3</sup> Véxase: Fernández Rodríguez, Áurea et al. (2012): *Traducción de una cultura emergente. La literatura gallega contemporánea en el exterior*. Berna: Peter Lang.

No segundo capítulo, Iolanda Galanes Santos realiza un estado da cuestión da tradución literaria galega a partir do Catálogo de Tradución Galega de BITRAGA. Trátanse asuntos como as culturas dende as que se importa a literatura, o volume de obra traducida, de que xéneros se importaron obras, o tipo de público etc. Iníciase o capítulo cun breve marco teórico da tradución literaria e continúaase cunha mostra da importancia da creación e da tradución en Galicia. Ofrécense datos concretos sobre a importación e a exportación de literatura e sobre o público, os xéneros e os subxéneros que máis relevancia amosan. Finalmente, a autora ofrece as conclusións que se desprenden do balance que se realizou da tradución literaria galega.

No terceiro estudo, Áurea Fernández Rodríguez expón a función e implicación daqueles que se dedican aos labores editoriais, tales como os editores e, todo isto co contexto estatal e internacional coma pano de fondo. Abórdanse os antecedentes da historia da edición en Galicia durante o século XX e a partir do ano 2000, e noméanse aquelas editoriais que desempeñaron os papeis máis relevantes. Por último, ofrécense as principais conclusións da situación do sector editorial galego e destaca a aparición de propostas novas por parte de pequenos e novos mercados, que marcan un cambio de tendencia.

No cuarto capítulo, de Ana Luna Alonso, valórase o labor dos tradutores e tradutoras e achéganse datos sobre a situación na que tiveron que levar a cabo o seu traballo (condicións, prácticas, recursos etc.). Abórdase tamén o tema dos premios de tradución para consolidar e completar os corpus en lingua galega. Despois, a autora cita algunhas das figuras máis importantes que se dedicaron a traducir obras cara ao galego durante os anos 80 e 90 e a evolución tanto das estratexias de tradución ao longo dos anos como da visibilidade que se foi conferindo aos propios tradutores e a profesionalización do labor dos mesmos. Por último, ofrécense as conclusións deste capítulo e faise un breve repaso de todas as fases que se foron describindo durante o mesmo.

Estes catro primeiros traballos conforman o primeiro bloque do libro, a partir do cal dáse paso ao segundo, no que se analizan, un por un, os distintos xéneros literarios.

O quinto capítulo, de Isabel Mociño González, céntrase na análise da evolución da importación da literatura infantil e xuvenil entre 1982 e 2012, data a partir da cal se produce a consolidación deste xénero, o que conta con máis número de traducións. A importación ao sistema literario infantil e xuvenil durante as datas citadas analízase dende catro puntos de vista: as coedicións e multiedicións, o recurso ás autotraducións, a importación dos clásicos universais e os trazos máis importantes da tradución dos clásicos contemporáneos. Tamén, coméntase o papel dos premios de tradución. Finalmente, a autora remata coa conclusión do capítulo, a cal pon de manifesto a importancia da literatura infantil e xuvenil, o que levou a ser considerada por algúns como o principal xénero de produción para os autores galegos.

Na sexta entrega, cuxa autora é Dolores Vilavedra, analízanse as obras de narrativa máis traducidas, as necesidades do mercado e, tamén, a súa influencia na produción propia durante as tres últimas décadas. Tamén, estuda a tendencia na tradución narrativa en Galicia dende a década dos 80, así como os feitos fundamentais que a marcaron até o século XXI. Por último, a especialista comenta o novo valor engadido que supón a rapidez coa que se publican as traducións cara ao galego, non só con respecto a outras linguas, senón tamén en relación coa publicación da obra orixinal.

No sétimo capítulo, de María do Cebreiro Rábade Villar, expónse o obxectivo da súa investigación, o cal é presentar o panorama da importación de poesía internacional cara ao galego nos últimos anos. Isto lévao a cabo por medio do achegamento das diferentes tendencias na tradución poética, así como os papeis que desempeñan os principais axentes e empresas editoriais, e ofrece como conclusión un balance da importación de poesía na nosa comunidade dende os anos 80.

En oitavo lugar, o traballo de Manuel Franciso Vieites García pecha este segundo bloque.

Nel análizase a magnitude da obra dramática traducida nos últimos anos e, tamén, as diferentes causas que puideron levar a determinadas seleccións de importación de certas obras teatrais. O autor repasa as distintas etapas na historia do sistema teatral en Galicia e destaca as súas características durante o século XX. Por último, Vieites ofrece as principais conclusións obtidas da súa investigación.

No capítulo final, as autoras Iolanda Galanes Santos e Silvia Montero Küpper presentan as principais conclusións tiradas do estudo da evolución da obra estranxeira traducida cara ao galego dende a década dos 80. Para rematar, as autoras aluden á necesidade de investigar novas vías por medio das cales sensibilizar a sociedade en relación cos bens culturais.

Tal como se expuxo ao inicio desta recensión, o grupo BITRAGA da Universidade de Vigo culmina con esta publicación a exposición da situación da tradución entre a literatura galega e outras culturas, esta vez centrándose nas obras doutras linguas que se traduciron cara ao galego. Un traballo de investigación que amosa ao lector as circunstancias e evolución da mesma dende o punto de vista da importación, con exposicións que pasan polos diferentes xéneros literarios e o traballo e avances que se acadaron durante os últimos corenta anos.

Lúa CRUZ FERNÁNDEZ

FERNÁNDEZ NAVAL, Francisco X. (2014): *O soño galego de Julio Cortázar*. Ourense: Linteo, 344 pp.

Este texto preséntanos a traxectoria de Cortázar cos galegos que compartiron parte da súa vida en Buenos Aires —o autor prefire esta denominación para a capital porteña, en lugar de Bos Aires. O libro está cheo de datos, anécdotas, contos... En relación a esta obra cómpre subliñar que se trata da continuidade duns estudos que o autor, Francisco X. Fernández Naval, comezou alá polo 2004, é dicir, xa van aló máis de dez anos. Nada máis comezarmos a lectura sabemos que nos atopamos fronte a un agrandamento das pouco coñecidas relacións de Cortázar cos galegos. *O soño galego de Julio Cortázar* semella a segunda parte de

*Respirar polo idioma (Os galegos e Julio Cortázar)* que o autor publicara en 2006. A obra que reseñamos aquí preséntasenos como o encontro entre diferentes voces e perspectivas de intelectuais galegos que, nalgún momento, estreitaron lazos co autor de *Bestiario*. Todas estas relacións, como non podía ser doutro xeito, atópanse conectadas pola necesidade de dar conta do destino dun e doutros. Cunha división primaria do texto en tres bloques —“Galicia e Julio Cortázar”, “Julio Cortázar e os Galegos” e “Presenzas”— chegamos a un profundo coñecemento de lembranzas e, incluso, historias da retagarda, como é o caso dunha das fillas de Valle-Inclán, Mariquiña.

En “Galicia e Julio Cortázar” temos ata un total de once apartados. No primeiro —“Dende sempre”— aprendemos que as relacións entre o autor de *Rayuela* e Galicia non comezan con Aurora Bernández, senón antes; se cadra desde o seu nacemento. A segunda das partes é a adicada ao seu cuñado Francisco Luis Bernández, ao que coñece antes que a Aurora. De feito, na terceira sección, ela é a protagonista e así é como se nos vai debullando aos lectores a vida do matrimonio de Cortázar, pouco e pouco. En “Fardel de Exiliado” —título que tamén dá nome a un libro de poemas de Luís Seoane— encontramos información variada sobre Buenos Aires como destino do exilio galego, mais tamén sobre as actividades culturais que levaban a cabo, fundamentalmente creación de revistas e editoriais. A través de *Correo literario*, *Cabalgata* e *Nova*, na quinta parte, chegamos a coñecer máis polo miúdo a Cortázar e as súas relacións con Arturo Cuadrado, Luís Seoane e Lorenzo Varela, fundadores da revista *Correo literario*, sen esquecermos das seguintes, *Cabalgata* e *Nova*, nas que o autor arxentino colabora con traducións de relatos e publicación de contos propios. No apartado seis temos, de novo, información sobre unha das devanditas revistas, será *Correo literario*, pero tamén será tratado *Bruja* pois é nesta revista de intelectuais galegos onde Cortázar publica este relato. Aquí coñecemos o que di Aurora sobre tal conto xa que, na súa opinión, a presenza dos galegos e das meigas —sobre as que o arxentino tiña oído falar tanto— foi clave para a súa creación. No subcapítulo seguinte advertimos